



Fai a túa doazón de
alimentos cando
visites a mostra

CULTURA
POR
ALIMENTOS
#ILUSIÓN
COMPARTIDA

NÓS TAMÉN FOMOS EMIGRANTES

Casa da Cultura
Rúa Ferradal, 16
Viana do Bolo
Ourense

4 de novembro a 4 de decembro 2024
Luns a venres 16.00 a 20.00 h
afundacion.org

Esta mostra recolle unha escolma de imaxes dos arquivos da Axencia EFE que posúe un dos fondos fotográficos máis importantes de España sobre a emigración galega e española. Son retratos próximos que narran as circunstancias vitais da xeración das nosas nais e pais e tamén de avós e avoas, que abandonaron a súa terra na procura dun futuro mellor.

«A esencia dun fotógrafo é estar no lugar onde se produce a nova. Un dos grandes da fotografía xornalística, Robert Capa, que foi correspondente de guerra en moitas fronteas e acabou morrendo ao pisar unha mina en Indochina, dicía que cando a foto non é boa é porque o fotógrafo non estaba preto dabondo. A exposición preséntanos, en branco e negro, unha síntese das nosas emigracións plasmada por fotoxornalistas de EFE. É a historia de milleiros de persoas que tiveron que abandonar a súa terra para sobrevivir. Son os anos cincuenta, sesenta, décadas de fame, de subdesenvolvemento, de falta de liberdade, mais tamén de construción, de aforrar a peseta para un arelado retorno».

Miguel Ángel Gozalo, director da Axencia EFE de 1996 a 2004.

CORRENTE CULTURAL é unha aposta de ABANCA e Afundación para espallar cultura por toda Galicia. O proxecto nace coma un contedor de arte que vai rotando polos nosos concellos, e contando coa súa colaboración, para construír canda eles unha rede de calidade. As iniciativas do ciclo contan cunha coidada produción e cunha querenza pola nosa tradición.



CONCELLO DE
VIANA DO BOLO



//Afundación
Obra Social ABANCA